

A poboación española e galega P198/199/200/201

Ver a evolución das pirámides de poboación co paso do tempo aclara moitas cousas sobre demografía, economía e tamén de historia. Con esta información podemos tamén supor o que vai pasar, vexamos o caso de España.

En 1900 (**primeira imaxe**) a estrutura da poboación é propia dun país que se adica á **agricultura**, un país pobre, con taxas de natalidade e de mortalidade moi altas.

Ademais, podemos ver que hai catástrofes que deixan marca na pirámide. As últimas grandes epidemias de cólera e de tuberculose de 1885 se ven no chanzo dos nenos de 15-19 anos. Cando eran bebés, moitos morreron ou nin naceron.





A **segunda imaxe** é a pirámide de España en 1950. O país aínda **non está industrializado**. Se vos fixades, a pirámide comeza a coller forma de campana (moito máis tarde que o resto de Europa), pero pouco. Redúcese a mortalidade e a natalidade. Pero podemos ver máis cousas se nos achegamos. Houbo unha guerra civil (1936-39). Durante a guerra, morre xente; pero o máis grave demográficamente é que todos os homes están a loitar a moita distancia das súas esposas... Polo tanto, non se fan fillos (xa me entendedes).

A **terceira imaxe** é a pirámide de 2001. Aquí podemos apreciar varias cousas: A primeira é que temos **unha pirámide de país industrializado** (campá/oxiva/pagoda). Xa vivimos nun país rico, que ten desenvolto o sector secundario e terciario. En España a xente vive nas cidades porque a natalidade baixa moitísimo (os nenos non traballan xa no campo). E a esperanza de vida é moito maior, porque os chanzos altos (xente vella) son moito máis grosos, xa que a medicina e a alimentación mellorou moito.


Temos aquí outro efecto a estudar, o coñecido coma '**Baby Boom**'. Os españois entre 1970 e 1975 (25-29 anos) tiveron fillos a esgalla. Son os coñecidos coma 'Baby Boomers'. é o chanzo máis ancho, e por iso será o que máis afecte á demografía e á economía do país. En 2001 os Baby Boomers están todos en idade de traballar; por lóxica, con moita xente producindo riqueza, a economía medará moito.

A **gráfica última** é unha proxección (estamos en 2020 e por 2050... é o que se calcula que vai pasar). O que nos amosa é que temos unha pirámide dun país evolucionado, rico, **cun forte sector terciario**, e cunha altísima esperanza de vida. Se vos fixades os nados en 1970 en 2050 teñen 80 anos. Os Baby Boomers estarán no chanzo máis elevado da pirámide. **Hai moitos vellos**. O que sucede neste caso é que haberá moita xente que precise coidados (xubilacións, dependencia), namentras que os chanzos da xente en idade de traballar son máis escasos. Os rapaces que estades agora no instituo seredes os traballadores do ano 2050. Teredes que pagar cos vosos impostos moitos hospitais e xubilacións, ó igual que os vosos pais vos pagan a comida agora.

Os gobernos encargan este tipo de estudos para entender que precisan ir construíndo agora para o futuro.




A poboación española e galega P198/199/200/201



As pirámides de poboación de Galicia de 1981 e 2017




POBLACION - FORCAREI - 2019



Población Total en el Municipio: 3.388
Población Hombres: 1.617
Población Mujeres: 1.771

Fuente: INE, Gráfico elaborado por FORO-CIUDAD.COM para todos los municipios de España



Destacado o concello de Forcarei

Unha poboación envellecida é o futuro asegurado e o presente de moitos lugares de Galicia.

Se vos fixades na **primeira pirámide (1981)**, Galicia ten estrutura de territorio atrasado (agrícola) nos anos oitenta. A industrialización chegou tarde ás nosas terras e moitos galegos tiñan que emigrar para traballar en algo distinto do sector primario (que xa sabemos que son os oficios que xeneran menos riqueza).

O problema está en que toda esa xente que emigrou non tivo fillos en Galicia, moitos quedaron por aí a vivir (América, Europa...). Se nos fixamos na **segunda pirámide** atopamos que temos unha estrutura de país rico, pero xa envellecido, máis que o resto de España. Hai unha natalidade baixísima, podes velo en que o chanzo máis estreito de todos é o dos nenos de 0-4 anos.

Galicia afronta un terrible problema demográfico. A economía desenvólvese máis onde hai máis xente en idade de traballar. É lóxico pensar que os empresarios montan as fábricas onde teñen moitos traballadores para escoller e moitos clientes para comprar. Se Galicia non ten xente en idade de traballar, non haberá empresas. Iso xenerará unha nova onda de emigración (moitos marcharán para ter bos traballos) e a xente que o fai ten a idade de ter fillos. Eses nenos nacerán en Barcelona, Madrid, ou Londres, non en Lugo, Chantada ou Poio; e moitos xa quedarán aí para vivir.

Galicia xa está vivindo iso hoxe en parte do seu territorio. É o coñecido coma problema da **despoboación interior**. Podedes ver na **terceira pirámide**, a do concello de Forcarei (provincia de Pontevedra, aquí ó lado, a media hora de coche de aquí, vede o mapa de abaixo).

A pirámide de Forcarei indica o que dicimos. É un lugar onde os rapaces marchan a traballar ás cidades (Vigo, Coruña, Santiago... ou fora de Galicia) e a pirámide queda cada vez máis reducida por abaixo. A xente en idade de ter fillos non se queda en Forcarei, porque non hai bos traballos, e non hai bos traballos porque non hai xente. É un proceso que se coñece coma retroalimentado ou de bola de neve.

A solución non é sinxela, pero pasa por varias posibilidades. O estado pode facer **políticas de redistribución da riqueza polo territorio** (invertir en facer empresas en áreas que están en perigo de despoboarse). Iso mesmo o está a facer a Unión Europea cos coñecidos coma **fondos de cohesión**.

Pero estase a demostrar que non son suficientes. **A solución según os demógrafos está na chegada de poboación estranxeira**. Hoxe en día (2019) o goberno de España (fonte; Ministerio de Trabajo) publicou un estudio que calcula que **fan falla 270.000 inmigrantes ó ano** para soste a economía do país. Os inmigrantes son xente nova, que traballa e ten fillos aquí. Os datos de 2019 amosan que só chegaron 157.000 (fonte: datos macro.com, INE). Cada vez que escoitedes a alguén dicindo que un estranxeiro quita o traballo, pensade que en realidade, esa persoa está a axudar a pagar un hospital.